

Os xogos populares nas nosas vidas

David Peón Abilleira

A maior parte dos rapaces de hoxe quizais non tiveron a necesidade ou o interese de fabricar un xoguete por eles mesmos. E, se cadra, tampouco tiveron a oportunidade de que os seus maiores lles ensinasen xogos tradicionais e populares

Nos anos anteriores aos da sociedade de consumo de hoxe en día, os xoguetes eran fabricados polos pais e nais coas poucas cousas que había pola casa, un traballo artesanal transmitido de xeración en xeración. Con eles, enchíanse as casas de rapaces ledos, con ollos como pratos diante da lúdica artesanía caseira. Se, ademais, na fabricación de xoguetes participaban os rapaces, podía identificarse neles un adestramento en habilidades necesarias desde un punto de vista educativo, que axudarían no día a día dos labores do campo ou da casa.

Os xogos tradicionais, transmitidos oralmente de pais a fillos durante séculos, constitúen unha forma de unión entre xeracións que ramifican na nosa sociedade como elementos de comunicación como son a conversa e o diálogo. escoitar e ver son formas de aprender naturais que levamos na nosa xenética, que nos axudan a situarnos nunha contorna e a comunicarnos co medio que nos rodea, algo sumamente relevante no xogo.

Unha consideración importante nos xogos tradicionais é que as súas regras e condicións son cambiantes, precisamente pola necesidade de se adaptaren ao medio e ás circunstancias concretas nas que vai ser practicado. Exemplos destas diferenzas son o cambio dos materiais, distancias no desenvolvemento e formas de puntuar. De aquí, a famosa expresión: *- na miña zona xógase así!*

Dado que a maior parte das veces carécese de regras fixas e que o xogo está plenamente integrado no medio, permiten que o xogo popular poida ser re-creado constantemente, facendo así que aparezan novas variantes de determinados xogos. Esta constatación leva a algúns autores a manifestar que non é posible fixar por escrito os xogos populares, porque estes hai que vivilos e observalos para comprendelos realmente. Como moito, poderíanse redactar nocións do xogo e as regras e costumes máis comúns.



Outro aspecto importante dos xogos populares é que están intimamente ligados ás actividades dos adultos, porque cando os practican nenos e nenas son, na súa esencia, imitacións do traballo adulto. A principal función dos xogos populares é procurar a enculturación dos individuos novos integrantes da sociedade, facendo que o paso da etapa infantil á adulta sexa máis normalizado e natural.

Configurados nunha sociedade que precisaba actividades lúdicas para todos os seus membros, os xogos populares existen para todas as idades, dende o bebé acabado de nacer (os primeiros axóuxeres, por exemplo) ata o membro de maior idade (xogos-deportes tales como a petanca ou os birlos). A riqueza desta liña de vida do xogo, fai que estas etapas se solapen e os xogadores novos aprendan dos veteranos, con toda a riqueza que iso pode supoñer.

É curioso ver como a partir dos anos oitenta, as datas como reis e aniversarios, se converteron entre nós nun día de abrir paquetes case de forma compulsiva, no que o envoltorio de cores rechamantes cobra case máis relevancia que o propio agasallo. En moitos casos, os sofisticados trebellos son rotos ao segundo día nunha boa porcentaxe, porque os seus pequenos propietarios descoñecen como están feitos por dentro, e a súa curiosidade fai o resto. Pola contra, cando un neno crea un xoguete, este forma parte de si mesmo e o cariño que lle colle fai que ese invento viva con el parte dunha das etapas máis importantes da súa vida.

Os xogos populares foron substituídos polos xogos na rede, que sen dúbida son útiles para aprender idiomas e novas capacidades de traballo ou normalización dos sistemas dixitais, pero iso non debe levar consigo a desaparición dos xogos e xoguetes populares, para que non se elimine a función social que teñen: servir de lazos de unión entre xeracións nunha sociedade, como a de hoxe en día, que cada vez se volve máis individual e solitaria.